



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E CURSOS INTERNACIONAIS DA USC, S.L. PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DE ACCIÓNS PROMOCIONAIS DO CAMIÑO DE SANTIAGO.

Santiago de Compostela, a 11 de xullo de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, **D^a María Nava Castro Domínguez**, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polo artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e polo artigo 19 dos ditos estatutos.

Doutra, **D^a Almudena Hospido Quintana**, conselleira-delegada desta entidade, en nome e representación da Sociedade Cursos Internacionais da USC, S.L. con CIF B15544554, con domicilio en San Xerome, Praza do Obradoiro, en Santiago de Compostela.

As partes intervinientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia apoia as iniciativas conducentes á promoción do Camiño de Santiago no estranxeiro, por considerar que isto redunda positivamente no turismo que é un sector clave no desenvolvemento económico e social de Galicia..

Segundo.- Que a sociedade Cursos Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela, S.L. foi constituída o día 28 de decembro de 1995. A sociedade é transformada en Sociedade de Responsabilidade Limitada en escritura outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia D. Nelson Rodicio Rodicio, en data 15 de decembro de 2006, posteriormente complementada por escritura ante o mesmo Notario, o 1 de outubro de 2007, procedéndose no exercicio 2007 á inscrición da transformación no Rexistro Mercantil da Coruña, no Tomo 262, Folio 150, Folla C-15.962.



Terceiro.- Que a sociedade Cursos Internacionais da USC, S.L. constitúíuse co obxecto de servir de apoio instrumental á Universidade de Santiago de Compostela para:

- Impartir cursos de español a estranxeiros ao longo de todo o ano.
- Impartir cursos de galego para estranxeiros ao longo de todo o ano.
- Organizar os exames para a obtención de Títulos Oficiais de español.
- Organizar a edición de materiais destinados á ensinanza do español para estranxeiros.
- Organizar cursos especializados e monográficos relacionados coas actividades indicadas.

A sociedade atenderá así mesmo ao desenvolvemento das actividades indicadas, promovendo a organización de viaxes, excursións, organización de actividades culturais dentro do ámbito sinalado, aloxamento dos asistentes e cantas actividades ou funcións sexan anexas ou complementarias das anteriores e, en xeral, tódalas orientadas á mellor e máis completa formación dos estudantes.

Cuarto.- Por parte da Axencia Turismo de Galicia considerase axeitado por razóns de interese público, colaborar economicamente no desenvolvemento destas actividades, e o carácter único da entidade organizadora do mesmo xustifica a dificultade para promover a súa convocatoria pública segundo dispón o artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo isto, as partes asinantes subscriben este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a entidade Cursos Internacionais da USC, S.L. para levar a cabo a realización conxunta de accións promocionais do Camiño de Santiago e dos cursos de temática xacobeá organizados por Cursos Internacionais da USC, S.L. coa finalidade de incrementar o número de estudantes internacionais que elixen Santiago de Compostela como destino educacional.

2



O plan de promoción para 2017 vai dirixido a mercados xa consolidados como Estados Unidos e Corea, nos que Cursos Internacionais ten desenvolvido accións de promoción directa que se concretaron na recepción de grupos de estudantes, en moitos casos contribuíndo á desestacionalización da oferta.

Por outra banda, Cursos Internacionais aspira aumentar a súa presenza no Sueste Asiático onde India, Vietnam e Taiwán, son mercados preferentes. Ademais no caso de Europa, Holanda, porque posúe a asociación de amigos do Camiño de Santiago máis numerosa (50.000 socios).

Complementarán o obxecto deste convenio a organización dunha misión inversa de tres días de duración destinada a directores de departamentos de español e oficinas de study abroad de 6 universidades asiáticas con interese en promover programas combinados de español e Camiño de Santiago.

As finalidades perseguidas con estas actuacións son entre outras,

- Dar a coñecer Galicia, en xeral, e Santiago de Compostela, en particular, como destinos para o turismo idiomático e cultural.
- Presentar o Camiño de Santiago como materia de estudo multidisciplinar (historia, arte, literatura, xeografía, economía) que favorece as experiencias de inmersión cultural. Presentación dos novos cursos do Camiño de Santiago, deseñados seguindo as directrices do Plan estratéxico de Turismo de Galicia e en colaboración coa a Cátedra do Camiño da USC.
- Divulgar a oferta académica de Cursos Internacionais, especialmente dos seus programas de temática xacobeá - Curso do Camiño de Santiago, en Estados Unidos, Holanda, e países asiáticos.
- Organizar unha misión inversa en Galicia centrada nos países asiáticos: Vietnam, Taiwán e Corea para dar a coñecer Galicia como destino turístico e Cursos Internacionais da USC como destino idiomático.
- Fomentar a divulgación do Camiño de Santiago e dos programas xacobeos a través dos medios tradicionais (folletos, carteis, notas de prensa, ente outros) .



- Fomentar a divulgación do Camiño de Santiago a través dos canles dixitais Nova páxina web e folletos dixital.

As accións para desenvolver o obxecto deste convenio serán as seguintes:

1. Misión India

Esta viaxe é unha continuación do traballo iniciado no ano 2015 no que se invitou a dúas universidades da India (Facultade de Letras, Universidad de Delhi, e a Jawaharlal Nehru University) e ao Colexio de élite internacional The Doon School – Delhi.

Obxectivos

Afianzamento da promoción realizada a través da misión inversa do ano 2015 e abrir novos nichos de mercado.

En particular leváranse a cabo as seguintes accións:

- Seguir mantendo contactos cos departamentos de español das principais universidades indias onde se imparte español.
- Iniciar novos contactos con outros departamentos de español doutras universidades.
- Entrar no mercado de secundaria, especialmente nos colexios internacionais.
- Contactar con outras entidades colaboradoras: Instituto Cervantes e Conserxería de Cultura ou Educación da Embaixada de España.

2. California Language Teachers Association Congress Monterrey-California (USA)

Cursos Internacionais da USC, S.L. participará no Congreso organizado pola CLTA sobre Intercultura, así como expositor cunha mesa promocional distribuindo información sobre a oferta educativa. Tendo en conta de que actualmente organiza un curso de formación de profesores especialmente deseñado para docentes dos Estados Unidos e Canadá, que leva por título "Lingua e cultura. O Camiño de Santiago", o Congreso celebrado pola CTLA (Asociación de profesores de California) é unha excelente oportunidade para promover este curso, á vez que dar a coñecer entre participantes os programas de español e Camiño de Santiago para estudantes do ensino medio.

Obxectivos:

Consolidación como marca de Cursos Internacionais da USC polo que os programas de español se refire e posicionamento como referente na formación de profesorado de cursos de Español como Lingua Extranxeira (ELE).

En particular leváranse a cabo as seguintes accións:

- Promocionar os cursos de lingua e cultura españolas ligados a cultura do Camiño de Santiago.
- Establecer contacto coas principais asociacións de profesores de español California.
- Difundir o Curso de formación de profesorado "Curso de lengua y cultura. El Camino de Santiago".
- Promocionar os programas de Español e Ciencias da saúde a través de novos acordos con universidades.

3. Misión Taiwán

Esta misión realizase en dous formatos: O primeiro a visita as principais universidades de Taiwán que imparten español coma lingua estranxeira e a segunda a participación na principal Feira asiática entorno a educación e o aprendizaxe das linguas estranxeiras (APAIE).

As universidades de Taiwán posúen numerosos acordos con universidades latinoamericanas de países como Costa Rica, Chile, Guatemala, Nicaragua, Panamá e México. Ademais, a presenza doutras universidades españolas é importante, destacando a Complutense de Madrid, Salamanca, Alacante, Alcalá de Henares, Autónoma de Barcelona, Valladolid e Navarra. Dada a longa tradición da USC na ensinanza do ELE (dende os anos 40) e considerando a gran potencialidade deste mercado, considérase necesario visitar e promocionar os centros que imparten ELE neste país.

Obxectivos Visita as Universidades de Taiwán

Apertura do mercado para os cursos de lingua e culturas españolas nas principais universidades de Taiwán.

En particular leváranse a cabo as seguintes accións:



- Promocionar os cursos de Lingua e cultura españolas ligados á cultura do Camiño de Santiago. O programa do Camiño de Santiago é o elemento diferenciador e o buque insignia desta empresa.
- Promocionar o curso de Español e negocios enfocado a Hispanoamérica pero vinculado co Camiño (coaching).
- Promocionar o curso de Español e turismo co Camiño de Santiago como eixo vertebrador do territorio e tamén como eixo da política turística de Galicia.

Participación FEIRA APAIE (21 ao 23 de marzo)

Reunións de traballo con diferentes universidades procedentes de varios países asiáticos: Xapón, Taiwán, Corea do Sur, China, Hong kong, Singapur e Tailandia

Obxectivos: Promocionar os Programas de español e Camiño de Santiago.

4. Xornadas Asociación de Profesorado de ELE en Holanda

A Consellería de Educación da Embaixada de España en Holanda visitou a USC en xullo de 2016, mostrando gran interese nos cursos de Camiño de Santiago e ELE. En decembro de 2016 a USC foi convidada a participar nas Xornadas de profesorado de ELE en Holanda xunto a un representante da asociación de amigos do Camiño de Santiago. Este tipo de colaboracións entre Consellería e Cursos Internacionais-USC facilita a difusión dos cursos en dous colectivos clave, como son as asociacións de profesorado de ELE en Holanda e as asociacións de Amigos do Camiño de Santiago. Ademais, o Instituto Cervantes de Utrech colabora nesta acción sendo a sede na que se realizan as Xornadas.

Obxectivos

Promoción académica de CI participando en accións como xornadas e congresos e en actividades relacionadas coa formación de profesorado de ELE.

Participación en accións académicas vinculadas ao Instituto Cervantes e a Consellerías de educación no exterior así como colaborar con editoriais representativas do sector.

Contacto co profesorado de ELE en Holanda (escolas de secundaria e universidades).

En particular leváranse a cabo as seguintes accións:



- Promocionar academicamente os cursos de lingua e cultura españolas ligados á cultura do Camiño de Santiago. O programa do Camiño de Santiago é o elemento diferenciador e o buque insignia desta empresa.

5. Misión inversa en Asia

Organización dunha misión inversa de tres días de duración destinada a directores de departamentos de español e oficinas de study abroad de 6 universidades asiáticas con interese en promover programas combinados de español e Camiño de Santiago.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 46.529,72.-€ que se distribúen segundo se establece no Anexo I.

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades relacionadas no cadro do Anexo I na contía máxima de vinte mil euros (20.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.744.0 "Convenios con universidades", código de proxecto 2015 00006, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2017, a favor de Cursos Internacionais da USC, S.L., entidade que achegará a cantidade restante para completar o orzamento do convenio.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A achega da Axencia Turismo de Galicia queda sometida ao réxime de minimis nos termos establecidos no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, (DOUE L 352/1 do 24.12.2013).

Con anterioridade á sinatura do convenio, Cursos Internacionais da USC S.L. deberá presentar unha declaración sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso, que non poderán superar os 200.000 €. este límite máximo aplícase a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto de minimis, independentemente da forma en que se outorguen ou do obxectivo perseguido.

7



A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor de Cursos Internacionais da USC, S.L., unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención. A contía máxima do pagamento virá representada pola contía efectivamente xustificada, sen que en ningún caso poida superarse o límite máximo de 20.000 euros.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2017. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Cuarta.- Compromiso das partes.

1. A entidade Cursos Internacionais da USC, S.L. como entidade beneficiaria da subvención da Axencia Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e incluír a "Marca Turística de Galicia" en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.

8

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei. No caso de non atender o requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención por importe máximo de 20.000 €. Esta subvención financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.744.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2017.

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.



9



De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima .- Xustificación e pagamento

A xustificación da subvención da Axencia Turismo de Galicia efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 48 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que conterà a seguinte documentación:

- 1) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2) Unha memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterà:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento, con indicación das desviacións, de terse producido estas.
 - b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.
 - c) Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).
 - d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

3) Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso da subvención e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

A entidade Cursos Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela, S.L. ademais deberá presentar:

- Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario/a das subvencións reguladas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.

- Certificación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.



- Unha declaración sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso (artigo 3.2 do Regulamento de minimis).

- Certificación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a "Marca Turística de Galicia".

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.



O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **15 de novembro de 2017**.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que finalmente o orzamento executado fose inferior ao orzamento estimado previsto na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se acredita a realización das actuacións obxecto do convenio establecidas na cláusula primeira, realizarase o pagamento da contía máxima de 20.000€ que se obriga a achegar a Axencia Turismo de Galicia, sempre que se xustifique esta contía ou unha superior.

Oitava.-Pagamentos anticipados e a conta da subvención da Axencia Turismo de Galicia

Poderanse realizar pagamentos anticipados da subvención que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio realizadas na anualidade 2017, conforme ao artigo 63 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os pagamentos anticipados serán de ata o 50% da subvención concedida, o que supón un importe máximo de 10.000.-€.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do dito Regulamento que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas.

Para proceder ao seu pagamento, Cursos Internacionais da USC S.L. deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sétima respecto das actuacións executadas.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia Cursos Internacionais da USC S.L. queda exonerada da constitución de garantía.

Novena.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas Cursos Internacionais da USC S.L. deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décima.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por un representante designado Cursos Internacionais da USC, S.L. e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia. Respecto da subvención concedida, a Axencia Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima primeira.- Modificación do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Axencia Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.





Décima segunda.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.

Décima terceira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito do Real Decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no apartado d) e e) do apartado 1 do artigo 4.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; as Leis 39/2015 e 40/2015, do 1 de outubro, e pola demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.



Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo quinta.- Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo sexta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017.


En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia



Dª María Nava Castro Domínguez

Por Cursos Internacionais da USC SL



Dª Almudena Hospido Quintana



ANEXO I

ORZAMENTO 2017	
1- PROMOCIÓN INTERNACIONAL: INDIA, ESTADOS UNIDOS, TAIWAN, HOLANDA E COREA	
ACTUACIÓN EN INDIA (conferencias no Instituto Cervantes de Delhi, Universidades e Escolas de Bacharelato)	
CONCEPTO	IMPORTE (€)
Asistencia a congreso e visita a Universidades (2 persoas)	
Gastos de viaxe e traslados (2 persoas)	2.958,00 €
Gastos de aloxamento (2 persoas)	2.519,00 €
Relatorios Prof. Santiago Fernández Mosquera	705,90 €
Dietas de viaxe (2 persoas)	1.496,38 €
INVESTIMENTO	7.679,28 €
ACTUACIÓN EN ESTADOS UNIDOS (Asistencia Congreso de Español – CLTA)	
CONCEPTOS	IMPORTE (€)
Asistencia CLTA e visita a universidades, Monterrei (California)	
Gastos de viaxe e traslados (2 persoas)	2.104,00 €
Gastos de aloxamento (2 persoas)	1.756,00 €
Contratación de stand	1.157,00 €
Dietas de viaxe (2 persoas)	1.375,06 €
Maquetación e impresión material	261,46 €
Envíos de material	43,21 €
INVESTIMENTO	6.696,73 €
ACTUACIÓN EN HOLANDA	
CONCEPTO	IMPORTE (€)
Asistencia Xornadas de formación para profesores de español y asociacións Amigos del Camino de Santiago	
Gastos de viaxe e traslados (2 persoas)	876,00 €
Gastos de aloxamento (2 persoas, inclúe taxas cidade)	643,40 €
Dietas de viaxe (2 persoas)	461,56 €
Envíos de material	39,54 €
INVESTIMENTO	2.020,50 €
ACTUACIÓN EN TAIWAN	
CONCEPTO	IMPORTE (€)
Visita a universidades	
Relatorios	705,90 €
Gastos de viaxe e traslados (2 persoas)	2.878,00 €
Gastos de aloxamento (2 persoas)	2.063,53 €
Dietas de viaxe (2 persoas)	1.695,21 €
Envíos de material	492,06 €
INVESTIMENTO	7.834,70 €
CONCEPTO	IMPORTE (€)
Asistencia Feira de Educación APAIE	
Gastos de viaxe e traslados (1 persoa)	1.016,00 €
Gastos de aloxamento (1 persoa)	680,00 €
Inscripción no evento	772,94 €
Gastos varios asistente	721,80 €
INVESTIMENTO	3.190,74 €
MISIÓN INVERSA- ASIA	
CONCEPTO	IMPORTE (€)
Misión Inversa Asia (6 persoas)	
Gasto de viaxe (6 persoas)	12.000,00 €
Gasto de Aloxamento e manutención (6 persoas)	3.000,00 €
Gasto de traslados Santiago de Compostela	200,00 €
Gasto recorrido Camiño de Santiago	800,00 €
INVESTIMENTO	16.000,00 €
2- MATERIAL PROMOCIONAL (FOLLETOS, REVISTAS E CARTELES)	
Folletos Cursos Internacionais 2017	1.107,77 €
Maquetación novo Folleto Cursos Internacionais	2.000,00 €
INVESTIMENTO	3.107,77 €
TOTAL ORZAMENTO	46.529,72 €